

Escritura Creativa

Escribe aquí o teu poema que comece pola letra.....e tráeo a próxima xuntanza:

Merenda creativa:

No entroido orellas e filloas debes ben adornar, con palabras e rimas para mellor saborear.

Recheo: mel, azucre, chocolate,.... o que a túa imaxinación desexe probar.



LECTURAS COMPARTIDAS

Club de Lectura de 3º e 4º de Educación Primaria



COMPLETA OS DATOS DO LIBRO

Autor/a

Título

Editorial

Ano de publicación

Alumno

•-----•
Visítade "A quinta dos libros", o blog da nosa biblioteca:

<http://aquintadoslibros.blogspot.com/>

e deixade os vosos comentarios na sección "O librako":

<http://olibrako.blogspot.com/search/label/Lecturas%20compartidas>

LETRA X LETRA. 6 x 6 : Ti tamén podes ser poeta

Di Fran Alonso: **a poesía é un globo**. Elixes unha letra que che guste e escribe dentro do globo 6 palabras que comecen por ela.

Coas túas 6 palabras compón un poema de 6 versos para tralo á próxima sesión.

Elixiremos algúns para lerlle a Fran, que estará connosco o 21 de marzo e así celebrar xuntos o Día Mundial da Poesía. Non volo perdades!

Con todos os nosos poemas -os dos nenos e os dos maiores-, faremos despois un libro especial: **Poema-Zos**.



1. Que tema do disco che gustou máis? Xustifica a resposta.

-Na miña cidade.

-O amor.

-Teño un amigo.

-Cantiga da escola.

2. Busca na web a *lingua cando está nun poema* que fai Fran Alonso. É como.....

FORMA>POEMAS : Que é un caligrama?

É un poema no que as palabras debuxan un animal, persoa ou cousa da que se fala no poema. As palabras van collendo formas e o poema convértese así nunha imaxe que se pode ver e ler.



INVENTA e presenta o teu propio caligrama para poder participar no concurso dun exemplar do libro asinado por Fran Alonso.

INVESTIGA : Gatos, poetas e outros animais...

O gato, coa súa quietude e mirada misteriosa, servíu de musa para inspirar a moitos poetas. Aquí tedes dous exemplos:

El poeta trata de imitar a la mosca,
pero el gato
quiere ser sólo gato
y todo gato es gato
desde bigote a cola,
desde presentimiento a rata viva,
desde la noche hasta sus ojos de oro.

[Da *Oda al gato*, de **Pablo Neruda**].

-Señor Gato,
Pon sentido
Que metido
No burato
Está o rato.

[Do poema
Señor Gato,
de **Manuel María**].

BUSCA máis poemas inspirados por outros animais e compárteos para montar no taboleiro o noso particular **Zoológico-Poético**.